



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2020/1	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	13 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 12:45 ata as 13:05 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	NON
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 161/2020. Proposta de autorización municipal para ocupación temporal de vía pública cun posto de venda de pulpo

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta-informe de data 09.01.2020 da inspectora de taxas, referida á ocupación de vía pública con posto para venda de pulpo, que é como segue:

*"Con data 8 de xaneiro de 2020, Y.D.C.R., NIF ***9899**, con enderezo en rúa Lirio, nº X-36940-Cangas, solicita autorización para a ocupación de vía pública con un posto de venda de pulpo en rúa Lirio, nº X – CAFÉ BAR DLIRIO, todos os venres de xaneiro a marzo de 2020 (comezaría o 17 de xaneiro e remataría o 27 de marzo).*

Esta inspección emite esta proposta-informe indicando que, segundo a lexislación vixente, a ocupación de vía pública non debe obstaculizar o paso de persoas e vehículos autorizados e debe facer efectivo o pagamento das taxas correspondentes".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita para ocupación de vía pública con un posto para venda de pulpo, solicitado pola Sra. C.R.

Expediente 54/2020. Informe da policía local sobre sinalizacións varias

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 05.01.2020 da xefatura da policía local de Cangas, referente a sinalizacións varias, que é como segue:

"A xefatura de policía local de Cangas por medio do presente

INFORMA: que tendo en conta as necesidades de carga e descarga no centro urbano, proponse un tramo reservado de dez metros en rúa Ferrol, na marxe dereita no sentido da marcha.

En rúa Alvaro Guitián proponse que na súa confluencia coa Avda. de Vigo teña acceso exclusivamente para garaxes, tendo en conta os problemas de danos que se producen permanentemente no empedrado por vehículos de carga e descarga que poden acceder coa sinalización actual, polo que procedería aprobar sinal vertical de dirección prohibida agás garaxes.

Tamén se propón a sinalización de unha praza de discapacitados na Avda. Méndez Núñez, entre a parada de taxis e o aparcamento de motos".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.





Expediente 24/2020. Solicitud de sinalización horizontal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.V.P.M., na que demanda o pintado de liña amarela na entrada do garaxe sito en rúa San Roque Monte, nºX en Cangas.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 07.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"... Por parte desta policía non existe inconveniente en que se pinte a sinalización horizontal na beirarrúa fronte ao garaxe, así como o pago correspondente da mencionada reserva de vía".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada pola Sra. P.M., para sinalización horizontal.

Expediente 33/2020. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por "Comunidades Morrazo", na que demanda a colocación de un espello na farola sita enfronte da saída do garaxe sito na estrada de Bueu nº X, en Vilariño.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 05.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Por parte desta policía local non existe inconveniente en conceder o solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a solicitude realizada por Comunidades Morrazo, para sinalización vertical, coa instalación de un espello na farola sita enfronte da saída do garaxe sito na estrada de Bueu nº X, en Vilariño.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo Provincial de Estradas da Xunta de Galicia, por ter competencia este organismo na zona indicada para a sinalización.

Expediente 31/2020. Solicitud de sinalización

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.V.P.M. na que demanda a colocación de sinalización para o acceso a locais do baixo do edificio sito na Avenida de Vigo, nº X.





Visto o informe desfavorable emitido ao respecto en data 07.01.2020 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"A policía local de Cangas con relación á instancia presentada por M.V.P.M., onde solicita que o Concello leve a cabo as medidas necesarias para evitar que os vehículos estacionen nas inmediacións dos baixos do edificio sito na avenida de Vigo, nº X. Informa o seguinte: por parte desta policía non procede o solicitado debido a que non é o Concello o que ten que colocar a sinalización para evitar que estacionen vehículos, senón que a propia comunidade de propietarios terá que colocar os obstáculos necesarios para evitar que estacionen vehículos de terceiros dentro dos límites da súa propiedade, previa autorización municipal".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe desfavorable emitido ao respecto pola policía local, acorda rexeitar a solicitude realizada pola Sra. P.M. para sinalización.

Expediente 7312/2019. Solicitude de renovación de sinalización vertical

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Vista a solicitude presentada por N.G.F. na que demanda a renovación de sinal de pasaxe permanente instalado na Choupana, nº X-Darbo, por deterioro.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 27.12.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Por parte desta policía local non existe inconveniente en conceder o solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por N.G.F., para sinalización de pasaxe permanente.

Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no departamento de tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

Expediente 7148/2017. Licenza municipal de primeira ocupación

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE Nº 7148/2017.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a C.M.M., con enderezo na Avda. de Ourense, nºX.-Cangas, para unha vivenda unifamiliar sita en rúa Sol, nºX-Cangas (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 7148/2017, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal do PEPRI, de data 26 de decembro de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 3 de xaneiro de 2020, logo do informe favorable da "UTE Gestión Cangas".





Expediente 5877/2018-S. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 30.12.2019 da xefa de urbanismo, referente ao expediente nº 5877/2018-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M.R.G, instrutora designada polo alcalde do Concello, mediante proposta de Alcaldía de data 29 de agosto do 2019, en relación co expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello co nº 5877/2018-S, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de 'GASTRO MAR CANGAS SL', e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar da Avda. de Bueu, nº X-Cangas, obras sen licenza consistentes en realizar reforma de local e non regularizar a licenza de actividade, sendo a construción de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20 de febreiro do 2019.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 9 de setembro do 2019, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Avda. de Bueu, nº X-Cangas, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, poidendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 158.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 20 de febreiro de 2019.

SEGUNDO.- Que 'GASTRO MAR CANGAS SL', na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

TERCEIRO.- Que de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía tres mil euros (3.000,00 €).

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:





ACORDO

PRIMEIRO.- Impoñer a 'GASTRO MAR SL', na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de tres mil euros (3.000,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Avda. de Bueu, nº X, consistentes en realizar reforma de local e non regularizar a licenza de actividade, sendo a construción de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20 de febreiro do 2019.

SEGUNDO.- Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta no período de pago voluntario, aplicarase unha redución desta do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimiento ou renuncia de calquera acción de impugnación no referido prazo.

TERCEIRO.- Elevar, unha vez recibidas as alegacións, documentos e informacións ou transcorrido o prazo de audiencia, todo o expediente ao alcalde para a súa resolución".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 4984/2018-S. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto retírase da orde do día, pendente de determinar o órgano competente para a súa resolución.

Expediente 7053/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.E.G.P., con DNI nº ***6666** e con expediente nº 36008/02/000739 – 62228, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e oito euros con corenta e tres céntimos/mes





Concello de Cangas

(138,43 €/mes)

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 16 de decembro de 2019.

Expediente 7052/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.G.C., con DNI nº ***9517** e con expediente nº 36008/02/000739 – 75040, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) doce euros con once céntimos (12,11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e catro euros con noventa e seis céntimos/mes (134,96 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 16 de decembro de 2019.

Expediente 3596/2018. Concesión da ampliación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9PTFJTRHJYNNMLZAKN53MNXZQA | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 13



Concello de Cangas

* CONCEDERLLE a M.B.F., con DNI nº ***9877** e con expediente nº 36008/02/000240 – 63257, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: douscentos oitenta e nove euros con oitenta céntimos/mes (289,80 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 16 de decembro de 2019.

Expediente 130/2020. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo, sanidade, participación veciñal e transparencia para concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 09.01.2020 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo, sanidade, participación veciñal e transparencia, referente á concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

*"Dona Victoria Portas Mariño en calidade de concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo, sanidade, participación veciñal e transparencia do Concello de Cangas, en relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social municipal presentada por P.O.C., con DNI nº ***3184** e examinado o informe da traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos deste concello, propón a seguinte resolución:*

** Concesión de axuda económica de setecentos oitenta e catro euros (784,00 €) para cobertura de necesidades primarias".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9PTFJTRHJYNNMLZAKN53MNXZQA | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 13



Expediente 7129/2019. Solicitud de subvención para o apoio, promoción e difusión de festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 08.01.2020 da concelleira de servizos e enerxía, referente á solicitude de subvención, que é como segue:

"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DE 03.12.2019 QUE ESTABLECE AS BASES DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA O 2020

Vista a Resolución da Axencia de Turismo Galicia de data do 3 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TU500A).

Visto que o Concello reúne os requisitos que se especifican na resolución das bases reguladoras.

Tendo en conta a declaración das Danzas Ancestrais de Cangas de interese turístico galego, por Resolución de 10 de xuño de 2015 (DOG 08.07.2005), redáctase memoria para continuar na valorización, promoción e difusión destas, conservando a súa calidade e axudando ao mantemento da súa singularidade, arraigamento e valor cultural, cun orzamento total de catro mil cincocentos cinco euros (4.505,00 €).

Polo que propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar, ao abeiro da Resolución de 03.12.2019, axuda ao abeiro da liña 1 para a segunda parte de traballo de investigación documental, primeira parte de traballo de campo e primeira parte de promoción e páxina web, por importe de catro mil cincocentos cinco euros (4.505,00€), e que inclúa o convenio de colaboración coa entidade bancaria ABANCA.

Segundo.- Declarar:

- 1.- Que non se solicitou ningunha outra axuda de entidade pública ou privada para esta mesma actuación.*
- 2.- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- 3.- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia.*
- 4.- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme co artigo 10.2.g da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.*





Concello de Cangas

5.- *Que se compromete a cumprir as obrigas e requisitos que se sinalan no artigo 17 das bases reguladoras.*

6.- *Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda autonómica e coa Facenda estatal e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda con ningunha outra administración pública".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 7178/2019. Proposta da concelleira de educación e xuventude para aprobación do "Programa de obradoiros de tempo libre para a mocidade 2020"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 18.12.2019 da concelleira de educación e xuventude, referente á aprobación do "Programa de obradoiros de tempo libre para a mocidade 2020", que é como segue:

"Ingrid Mihaela Loredana Oprea, Concelleira de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación do PROGRAMA DE OBRADOIROS DE TEMPO LIBRE PARA A MOCIDADE 2020.

- *Obradoiro de Fotografía (30 horas).*
- *Obradoiro "Confeciona o teu disfraz" (20 horas).*
- *Curso de linguaxe de signos orientado ao tempo libre (20 horas).*
- *Curso de formación en igualdade orientado ao tempo libre (20 horas).*

Os cursos comenzarán en xaneiro de 2020 e van dirixidos á mocidade a partir de 16 anos cumpridos no momento de iniciar o curso, tendo prioridade os/as que estean empadroados en Cangas.

Será preciso contar cun mínimo de 15 participantes para poder impartir calquera destes cursos ou obradoiros".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 1631/2018. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural para baixa do posto de peixe nº 13 do mercado municipal de abastos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 09.01.2020 da concelleira de desenvolvemento económico, emprego,

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9PTFJTRHJYMLZAKN53MNXZQA | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 13



mar e rural, referente á baixa do posto de peixe nº 13 do mercado municipal de abastos, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, EMPREGO, MAR E RURAL

*Por escrito con rexistro de entrada nº 12320 do 11.09.2019, M.I.M.B. con DNI ***3130** solicitou a baixa do posto de peixe nº 13 do Mercado Municipal de Abastos.*

Co fin de comprobar que os bens obxecto de concesión se entregan en adecuado estado de conservación e uso, de acordo co establecido no regulamento (artigo 36.5) e nas cláusulas de outorgamento da concesión, foi requirido informe dos servizos eléctricos municipais resultando que este último emitiu un informe no día 4 de decembro de 2019, no que sinala que: 'o sistema de frío da cámara frigorífica atópase en bo estado funcionando correctamente, observando tamén que as bisagras da porta atópanse en bo estado, polo demais todo correcto'.

Visto que efectivamente concorre a circunstancia alegada pola interesada no seu escrito e que ésta figura entre as previstas no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16.08.2005) relativo ás causas de finalización da concesión.

Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.

En atención ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por M.I.M.B. á concesión sobre o posto de peixe nº 13 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular, deixar libre e baleiro, a disposición do Concello, os bens obxecto da concesión.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de tesourería e concellería de desenvolvemento local, emprego, mar e rural, co fin de deixar constancia no expediente do posto e a súa comunicación ao conserxe da praza".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 306/2019. Proposta da alcaldía s/premios da Cultura 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento





Vista a proposta de data 09.01.2020 da alcaldía, referente os premios da Cultura 2020, que é como segue:

"PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL.

Co obxectivo de incentivar, cohesionar e, ao mesmo tempo, recoñecer publicamente o labor de numerosas persoas e colectivos do noso municipio que desenvolven un traballo inxente a prol da nosa cultura, do noso patrimonio e da creación artística, en calquera das súas múltiples facetas, o Concello de Cangas creou institucionalmente os Premios Xohan de Cangas e Ignacio Cerviño, e no presente exercicio 2020 a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística os desenvolve de acordo coas seguintes bases:

PREMIOS:

1.- PREMIOS 'XOHAN DE CANGAS':

1. 1.A - 'PREMIO XOHAN DE CANGAS AO LABOR CULTURAL' á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se veña significando polo seu traballo na defensa e promoción da nosa cultura en calquera dos seus eidos: música, baile, danza, audiovisuais, teatro, canto, animación sociocultural, tradición oral, cultura popular, etc.

2. 1.B- 'PREMIO XOHAN DE CANGAS Á CREACIÓN ARTÍSTICA' á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación en calquera das facetas.

2.- PREMIO 'IGNACIO CERVIÑO Á RECUPERACIÓN / PROMOCIÓN DO PATRIMONIO'

Dirixido a todas as persoas, colectivos ou entidades públicas ou privadas que se teñan distinguido por desenvolver iniciativas de investigación, recuperación, posta en valor, promoción... do noso patrimonio histórico, artístico, documental, medioambiental ou arquitectónico.

Neste apartado poderán ser premiadas tamén obras concretas que vaian en consonancia co obxecto do premio.

BASES:

1.- Os premios consistirán nun recoñecemento oficial, non levando aparellada remuneración económica.

2.- Poderán presentar candidaturas todas as asociacións culturais, veciñais, artísticas e sociais do municipio de Cangas, así como todos os partidos políticos e grupos municipais da Corporación canguesa, ata o 15 abril de 2020. As candidaturas debidamente motivadas presentaranse por escrito e asinadas polo promotor no rexistro xeral do Concello de Cangas, ou por correo electrónico: cultura@cangas.gal

3.- De entre todas as candidaturas, escollerá as gañadoras un xurado composto polos





Concello de Cangas

membros seguintes:

** O concelleiro de cultura e normalización lingüística, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.*

** Tres persoas de recoñecido prestixio, que non sexan candidatas na mesma edición e preferentemente premiados/premiadas anteriormente. Estas persoas serán nomeadas polo concelleiro de cultura.*

** Os/as seguintes técnicos/técnicas municipais:*

- Un/unha técnico/técnica da área de mocidade.*
- O/a director/directora do Auditorio Municipal.*
- O/A director/directora do Conservatorio ou da Escola de Música.*
- Un/unha técnico/técnica do departamento de cultura.*
- Un/unha bibliotecario/bibliotecaria responsable da biblioteca central ou das parroquiais, escollido/escollida entre eles.*
- Un/unha técnico/técnica responsable da área de urbanismo.*

Entre todos os membros do xurado escollerán un/unha secretario/secretaria que actuará con voz e con voto e que levantará acta dos acordos.

4.- Os galardóns entregaranse na 'Festa da Cultura' que se celebrará no Auditorio Municipal o 17 de maio de 2020".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes decretos da alcaldía:

- Decreto nº 2019-1962 de data 18.11.2019.
- Decreto nº 2019-2057 de data 27.11.2019.
- Decreto nº 2019- 2177 de data 15.12.2019.
- Decreto nº 2019-2248 de data 20.12.2019.
- Decreto nº 2019-2286 de data 30.12.2019.
- Decreto nº 2020-0024 de data 09.01.2020.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9PTFJTRHJYMLZAKN53MNXZQA | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13